

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

Acción 2: Capacitación para o Autoemprego e Difusión da Cultura Emprendedora.

Co fin de complementalo asesoramento personalizado, a Concellaría de Empleo organizará o longo do 2012 diversas accións formativas de capacitación para o autoemprego, nas que os asistentes desenvolverán un plan de empresa e analizarán a viabilidade técnica, comercial, económica e financeira do seu proxecto.

Así mesmo, organizaranse distintos Seminarios de Motivación Emprendedora en Centros de Ensino Secundario e Formación Profesional, dando a coñecer os servizos ofrecidos polo SAEP así como as instalacións do Viveiro de Empresas do Concello. A través de estas accións tentaremos romper



os mitos sobre a figura do emprendedor, incluíndo a testemuña de algún pequeno empresario, de xeito que quede constancia a través de experiencias persoais que calquera persoa con motivación e esforzo, pode levar a cabo un proxecto empresarial, facendo fronte as diversas dificultades que poden xurdir no proceso.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

CAPACITACIÓN PARA O AUTOEMPREGO E DIFUSIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Capacitar aos emprendedores para garantir o éxito do proxecto empresarial. - Fomentar e impulsalo autoemprego. - Difusión das axudas existentes en materia de autoemprego.
CARACTERÍSTICAS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Seminarios de motivación emprendedora. - Xornadas explicativas de programas subvencionables. - Formación para o autoemprego.
DESTINATARIOS	<p>Emprendedores que queiran constituír a súa empresa na área de O Porriño.</p>
FORMA DE ACCESO	<p>Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando ao teléfono: 986 33 82 17, ou comunicándose vía e-mail: axente.emprego@porremprego.org. Ou a través da páxina www.porremprego.org</p>

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

EQUIPO	<ul style="list-style-type: none"> - Técnicos de Empleo. - Equipo Administrativo
PREVISIÓN ANUAL	<ul style="list-style-type: none"> · Xornadas explicativas de programas subvencionables: Unha xornada por programa. · Accións de Formación para o autoemprego: Dous cursos ao ano. · Seminarios de Motivación Emprendedora: Catro ao ano. · Xornadas de Difusión do Autoemprego: Catro ao ano.
FINANCIAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> · Concello do Porriño · Xunta de Galicia · Fondo Social Europeo

